



## **Anteproxecto de Decreto ..., polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte e o procedemento sancionador.**

### **Texto do 13 de setembro de 2017**

A práctica da actividade deportiva é unha das manifestacións que a día de hoxe está máis arraigada na nosa sociedade, xa tanto na procura de desenvolvemento dunha serie de habilidades persoais ou colectivas como na procura dunha vida saudable e dunha mellora na calidade de vida de todas as persoas.

Sendo conscientes desta realidade, non podemos obviar a existencia dunha especial sensibilidade e preocupación, tanto dos cidadáns como das distintas administracións, polos episodios de violencia con ocasión da práctica de competicións deportivas oficiais. Preocupación que ten as súas máximas cotas cando ademais estes episodios de violencia acontecen con ocasións de competicións nas que participan menores de idade.

A cada vez maior presenza da práctica deportiva e das competicións na vida diaria dos cidadáns e nos distintos medios de comunicación e redes sociais conleva que todo o que acontece neste ámbito acade unha gran difusión e estamos asistindo a imaxes, que teñen ampla difusión, de lamentables incidentes nos recintos deportivos provocados polos país, afeccionados ou xogadores

O certo é que a día de hoxe é necesario dar cobertura e resposta as denuncias e adoptar decisións derivadas de incidentes con ocasión da práctica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, toda vez que a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia



e a intolerancia no deporte actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal.

Por dita razón, e coa intención de dotarse dun órgano que permita adoptar medidas dirixidas á prevención e erradicación de acontecementos violentos que se manifestan no seno do deporte, faise necesaria a regulación da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Ao abeiro desta competencia, aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo obxecto é o de promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita norma prevé expresamente no artigo cinco a competencia exclusiva da Administración autonómica para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario da lei.

A normativa actual contida no Decreto 116/2004, de 27 de maio crea a Comisión Galega para a Prevención da Violencia no Deporte( DO. Galicia 14 de xuño 2004, núm. 113), que queda derogada coa nova regulación deste órgano ao que a Lei do deporte de Galicia encomenda a adopción de medidas de prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia.

A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte estará adscrito ao órgano da Administración autonómica competente en materia de deporte, e

actúa con independencia funcional deste e da Administración da Comunidade Autónoma no coñecemento de todos os conflitos que poidan xurdir na esfera deportiva en materia de violencia.

Neste punto, faise necesario sinalar que as funcións que se atribúen a esta Comisión deben entenderse no marco do disposto na vixente Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, modificada pola Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e de conformidade co acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, sen que en ningún caso supoña menoscaba nin límite do exercicio competencial por parte da Administración Xeral do Estado en materia de seguridade, protección de persoas e bens e mantemento da orde pública. A Lei 19/2007, de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte fai mención expresa no seu artigo 20.e) a necesidade da colaboración e cooperación da Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte coas Comunidades Autónomas para a execución das medidas previstas contra a violencia no deporte e especialmente cos órganos que con similares finalidades existan nas Comunidades Autónomas..

Este decreto estrutúrase en tres capítulos, cun total de 32 artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións derogatorias e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo I defínense as disposicións xerais que rexen no presente decreto. Os dous artigos que o compoñen establecen o obxecto e a natureza desta comisión.

No capítulo II desenvólvense as funcións, organización, vogais e réxime de funcionamento. Os dezoito artigos deste capítulo detallan as funcións da



Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, a súa composición, o sistema de nomeamento e duración do cargo, o seu cesamento ou renuncia, así como os dereitos e obrigas, prevíndose ademais a posibilidade de contar coa participación de persoas asesoras externas e réxime de funcionamento.

No capítulo III regúlase o procedemento sancionador nesta materia. Os doce artigos deste capítulo detallan a normativa aplicable, así como o procedemento que se debe seguir na tramitación e resolución destes procedementos, garantindo o dereito de defensa e audiencia dos interesados..

As disposicións adicionais regulan as axudas de custo que correspondan aos vogais da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte e a referencia ao xénero, as disposicións derogatorias contemplan a derogación das normas que resultan afectadas por esta norma e as disposicións derradeiras regulan a facultade de desenvolvemento da norma e a entrada en vigor.

Por todo isto é polo que, por proposta do titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo/oido co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ...,

DISPOÑO:

### ***Capítulo I. Das disposicións xerais.***

#### ***Artigo 1. Do obxecto***

Este decreto ten por obxecto aprobar a composición e funcións da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, así como o procedemento sancionador.



## ***Artigo 2. Da natureza da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.***

1. A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, nos termos e de acordo coas funcións que lle atribúe a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, é un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no ámbito da prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comisión adscríbese ao órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

## ***Capítulo II. Das funcións, organización, vogais e réxime de funcionamento***

### ***Artigo 3. Das funcións da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

1. A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte ten as seguintes funcións:

a) A instrución e resolución dos expedientes sancionadores pola comisión das infraccións contempladas nos artigos 157, artigo 158 e artigo 159 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia con ocasión de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local organizadas polas entidades deportivas galegas, sen que en ningún caso se refiran a materias cuxo exercicio competencial se atribúe á Administración Xeral do Estado en materia de seguridade, protección de persoas e bens e mantemento da orde pública

b) Propoñer a incoación de expedientes sancionadores ao Comité Galego de Xustiza Deportiva e a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia



e a intolerancia no deporte, en materia de disciplina deportiva e violencia no deporte.

c) Elaborar informes e estudos sobre as causas e os efectos da violencia no deporte.

d) Recoller e publicar anualmente os datos sobre violencia nas competicións deportivas realizadas en Galicia e realizar unha memoria anual.

e) Elaborar e difundir programas de prevención e loita contra a violencia no deporte.

f) Proporcionar ás entidades deportivas galegas, e tamén aos organizadores de competicións deportivas, os datos e os consellos que poidan facilitar a prevención.

g) Informar os proxectos de disposicións legais referentes a espectáculos e competicións deportivas, disciplina deportiva e regulamentacións sobre instalacións deportivas.

h) Recomendar ás entidades deportivas galegas a adecuar as súas normas de funcionamento interno coa finalidade de ter en conta no seu réxime disciplinario o incumprimento das normas relativas á violencia deportiva.

i) Establecer mecanismos de colaboración e de cooperación coas Comunidades Autónomas, o Estado e a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte para a execución das medidas previstas nos apartados anteriores cando sexan competencia das mesmas, e especificamente cos órganos que con similares finalidades que a citada Comisión Estatal existan nas Comunidades Autónomas.



j) Dar traslado ao Ministerio Fiscal daquelas situacións que puideran ser constitutivas de delicto

#### **Artigo 4. Da composición**

1. A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte estará integrado por unha presidenta ou presidente e 15 vogais

2. Formarán parte da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte:

a) A persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia, que ostentará a presidencia.

b) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia, que ostentará a condición de vicepresidente

c) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de seguridade pública da Xunta de Galicia, designada pola persoa titular do departamento..

d) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de educación da Xunta de Galicia, designada pola persoa titular do departamento.

d) As persoas nomeadas xefas de servizo de deportes nas xefaturas territoriais

e) Dúas persoas que teñan ou tiveran a condición de colexiados e xuíces deportivos designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte.

f) Dúas persoas en representación das federacións deportivas galegas, das que unha será a federación deportiva galega que teña mais licenzas e a outra a proposta das federacións deportivas galegas.



g) Dúas persoas que teñan ou tiveran a condición de deportistas federados designadas pola persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

h) Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio, designadas pola facultades adicadas a ensinanza universitaria do deporte e da educación física no sistema universitario galego, en representación de cada unha das facultades existentes.

3. Designaranse, igualmente, un suplente por cada un dos vogais titulares e da vicepresidencia para os supostos de vacantes, ausencia e enfermidade ou por calquera outra causa legal.

4. A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte estará asistido por un secretario ou secretaria. O secretario ou a secretaria terá a condición de funcionario/a e asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal da persoa que exerza a secretaría en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizarase conforme o disposto no artigo 11.

***Artigo 5. Do nomeamento, aceptación e duración do cargo dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

1. A competencia para o nomeamento dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, titulares e suplentes, correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

2. Os nomeamentos dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte farase procurando acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total.





3. Feito o nomeamento, este producirá efecto desde a aceptación. Para tal efecto, os/as nomeados/as deberán aceptar o cargo expresamente e por escrito, dentro do prazo dos quince días seguintes ao do nomeamento, e deberán, no momento da aceptación, manifestar que non están incursos/as en causa de incompatibilidade para o exercicio do cargo.

4. A duración do mandato dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte será de catro anos, que se contarán a partir da data de nomeamento.

5. No caso de que a designación se faga en función do seu cargo ou condición, o mandato manterase en tanto ostenten o cargo ou a condición que determinase a súa designación.

6. De producirse algunha vacante, ausencia ou enfermidade, garantirase en todo momento a existencia de, cando menos, un suplente designado dispoñible para a cobertura dunha nova eventualidade de tal condición. Este suplente ocupará o posto de vogal durante o período restante para cumprir os catro anos de mandato do que figuraba como titular.

7. Transcorrido o prazo de catro anos previsto no apartado 4, se por calquera causa se demora o nomeamento dos novos vogais ou vicepresidencia da comisión, os cesantes seguirán desempeñando as súas funcións ata que a renovación teña efectividade polo nomeamento correspondente.

### **Artigo 6. Dos cesamentos**

1. Son causas de cese as seguintes

a) Expiración do prazo do seu mandato.



- b) Condena por delito en virtude de sentenza firme.
- c) Incapacidade ou inhabilitación para ocupar cargo público declarada por resolución xudicial firme.
- d) Concorrenza de causa de incompatibilidade.
- e) Por perda do cargo ou a condición no caso de que a designación se faga en función do seu cargo ou condición.
- f) Por remoción por incumprimento grave das súas obrigas

2.A competencia para o cesamento correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de deportes da Xunta de Galicia

***Artigo 7. Da renuncia á condición de vogal e vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

1. A renuncia voluntaria á condición de vogal ou da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte deberá ser manifestada por escrito e será aceptada expresamente polo órgano da Administración autonómica competente en materia deportiva.

2. A renuncia non inhabilita para que a devandita persoa poida volver ser nomeada como vogal ou vicepresidenta da comisión.

***Artigo 8. Dos dereitos e obrigas dos membros da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

1. Aos membros da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, correspóndelle:

- a) Asistir ás sesións e participar nas mesmas.



b) Emitir o seu voto, expresando o sentido do mesmo, así como formular voto particular cando discrepe do parecer da maioría.

c) Cantos outros dereitos e deberes sexan inherentes á súa condición de membro dun órgano colexiado.

### **Artigo 9. Do presidente ou presidenta da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte**

1. Ao presidente ou presidenta, sen prexuízo dos demais dereitos, obrigas e funcións que ten como membro da Comisión, correspóndelle:

a) Representar a Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.

b) Convocar, a través da Secretaría, as súas sesións.

c) Fixar a orde do día das sesións.

d) Abrir e levantar as sesións.

e) Dirixir as deliberacións, dando a palabra a cada vogal, moderando as intervencións e limitando, no seu caso, a duración das mesmas en aras de permitir a participación de todos eles e de garantir a boa marcha das sesións.

f) Decidir co seu voto os empates que se poidan producir.

g) Visar as actas da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.

h) As demais que lle sexan inherentes á súa condición de Presidenta ou Presidente.

2. Ditas funcións son delegables na Vicepresidencia.

### **Artigo 10. Da Vicepresidencia**



1.As funcións da Vicepresidencia serán, sen prexuízo dos demais dereitos, obrigas e funcións que ten como membro da Comisión, entre outras, as seguintes:

a)Suplir á persoa titular da Presidencia en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou causa de similar entidade.

b)As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia.

***Artigo 11. Da Secretaría da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

1. A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte estará asistida por un secretario ou unha secretaria que será designado/a polo órgano da Administración autonómica competente en materia deportiva de entre os/as funcionarios/as ao servizo dela.

2. No caso de vacante, ausencia e enfermidade, e con carácter excepcional, a persoa que exerza a secretaría será substituída por outro funcionario designado a estes efectos

3. Corresponde ao secretario ou secretaria da Comisión:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus membros.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros da Comisión e, por tanto, as notificacións, peticións de información ou datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que se deba ter coñecemento.



- d) Coidar a estrita observancia de todos os trámites e advertir sobre aqueles defectos de forma que considere que se produciron ou poidan producirse.
- e) Preparar de forma concisa e completa os apuntamentos dos expedientes para coñecemento dos membros da Comisión.
- f) Levar a repartición de asuntos e asignación de relatorios entre os vogais da Comisión, de acordo co sistema de quenda que aqueles teñan establecido.
- g) Conservar e custodiar a documentación e arquivos da Comisión
- h) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
- i) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- j) Notificar ás persoas ou entidades interesadas as resolucións da comisión
- k) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición de secretario/a Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.

### ***Artigo 12. Das persoas asesoras externas***

1.A persoa que exerce a presidencia da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte pode convocar ás sesións desta, a iniciativa propia ou a proposta de calquera das persoas que a integran, a outras persoas das que, pola súa preparación e capacitación técnica en relación cos asuntos para tratar, sexa conveniente dispoñer do seu asesoramento.

2.As persoas mencionadas no apartado anterior asisten ás reunións en calidade de asesoras externas e actúan con voz pero sen voto.

### ***Artigo 13. Das axudas de custo***



A pertenza á Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte ou a participación de persoas especializadas no mesmo non dará lugar a retribución algunha, pero os seus integrantes terán dereito ao abono de axudas de custo

#### ***Artigo 14. Do funcionamento***

1.A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario para o exercicio das súas funcións e, como mínimo, dúas veces durante o ano natural.

2.En sesión extraordinaria poderá reunirse a iniciativa da Presidencia ou a petición da metade mais un dos membros da comisión.

#### ***Artigo 15. Das convocatorias e da constitución***

1.As convocatorias serán realizadas por orde da Presidencia cunha antelación mínima de sete días naturais. Na convocatoria haberá de fixarse o día, lugar e hora de celebración da sesión así como a orde do día da mesma.

2.Quedarán dispensadas da devandita antelación mínima aquelas sesións que revistan urxencia que deberán convocarse cunha antelación mínima de 48 horas.

3.A válida constitución da Comisión require a presenza das persoas que exercen a presidencia e a secretaría, ou as que os substitúan, e a da metade alomenos dos vogais que integran a Comisión.

#### ***Artigo 16. Da orde do día das sesións***

As persoas integrantes da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte poderán propoñer á Presidencia a inclusión dalgún punto na Orde do Día,



sempre que se faga con antelación suficiente e acompañese á proposta unha sucinta memoria xustificativa.

### ***Artigo 17. Da adopción de acordos***

1. Os acordos da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte serán adoptados por maioría simple dos membros presentes, dirimíndose os empates mediante o voto de calidade da Presidencia.
2. O sistema de votación responderá os principios de voto directo e persoal debéndose garantir o voto segredo cando calquera dos seus integrantes o solicite á Presidencia.
3. Os membros da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte poderán delegar o seu voto noutros membros, agás nos procedementos sancionadores, nos que o voto será indelegable

### ***Artigo 18. Dos votos particulares***

1. Os membros da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte poderán formular voto particular contra o acordo da maioría, sempre que o anuncien antes de levantarse a sesión.
2. Os votos particulares terán que remitirse por escrito dentro dun prazo non superior a cinco días naturais, tras a finalización da sesión á Secretaría da Comisión.

### ***Artigo 19. Das actas***

1. Os acordos da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte constarán en acta, a cal expresará o seguinte:



- a) Data, hora e lugar da sesión.
- b) Nome e apelidos das e os asistentes e representación que ostentan.
- c) Temas tratados, sucinta referencia das deliberacións e acordos tomados.

2.As actas deberán ser asinadas polo Secretario ou Secretaria co visto e prace da Presidencia e serán sometidas á aprobación na mesma ou seguinte sesión.

3.Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse á Secretaría para que lles sexa expedida certificación dos acordos adoptados.

#### **Artigo 20. Do réxime interno**

A Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte estará sometida ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sen prexuízo do que estableza no seu regulamento de réxime interno de funcionamento.

#### **CAPÍTULO III. Do procedemento sancionador**

##### **Artigo 21. Da normativa aplicable**

Na tramitación, resolución e notificación dos procedementos sancionadores en materia de violencia no deporte será aplicable o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e na normativa reguladora da potestade sancionadora, na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e supletoriamente polo disposto no presente decreto.

##### **Artigo 22. Do inicio do expediente sancionador**





1.Os expedientes sancionadores serán iniciados de oficio por acordo da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

2.Poderá iniciarse un expediente a iniciativa propia como consecuencia do coñecemento directo ou indirecto de circunstancias, condutas ou feitos susceptibles de ter a consideración de infracción.

3.Poderá iniciarse un expediente como consecuencia de orde superior que indicará, na medida do posible, a persoa ou persoas presuntamente responsables; as condutas ou feitos que puidesen constituír infracción administrativa e a súa tipificación; así como o lugar, a data, datas ou período de tempo continuado en que os feitos se produciron.

4.Poderá iniciarse un expediente como consecuencia de petición razoada doutros órganos que non teñan a competencia para iniciar o mesmo e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas funcións de inspección, investigación ou investigación. As peticións deberán especificar, na medida do posible, a persoa ou persoas presuntamente responsables; as condutas ou feitos que puidesen constituír infracción administrativa e a súa tipificación; así como o lugar, a data, datas ou período de tempo continuado en que os feitos se produciron.

5.Poderá iniciarse un expediente como consecuencia de denuncia formulada por calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obrigaón legal, pola que pon en coñecemento da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte a existencia dun determinado feito que puidese xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo.



As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou persoas que as presentan e o relato dos feitos que se poñen en coñecemento da Administración. Cando devanditos feitos puidesen constituír unha infracción administrativa, recollerán a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables

A presentación dunha denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento.

### **Artigo 23. Admisión**

1. Recibida a orde superior, a petición de inicio ou denuncia, o/a secretario/a do Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte procederá ao seu rexistro e asignación de número de expediente.

2. Se o/a secretario/a aprecia que non reúne todos os requisitos previstos no artigo 22, procederá a requirir o/a solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por non presentada a solicitude e archivarase o expediente.

3. Emendados os defectos apreciados, o/a secretario/a levará o asunto á primeira reunión da comisión que decidirá sobre a súa admisibilidade

### **Artigo 24. Do acordo de incoación.**

1. O acordo de incoación dos procedementos sancionadores aos que se refire o presente Decreto corresponde á Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.



2. O acordo de incoación deberá designar unha persoa instrutora e unha persoa secretaria, que deberán ter a condición de membro da Comisión.

3.O acordo de incoación comunicarase ao/s presunto/s responsable/s e ao instructor do procedemento, con traslado das actuacións existentes.

3. Con anterioridade ao acordo de iniciación, a Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e mais a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

#### **Artigo 25. Instrución e práctica de proba**

1. Os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución realizaraos de oficio o instrutor, sen prexuízo do dereito dos interesados a propoñer aquelas actuacións que requiran a súa intervención ou constitúan trámites legais ou regulamentariamente establecidos.

2.En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia os interesados poderán facer alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo, os cales serán tidos en conta polo/a instrutor ao redactar a proposta de resolución.

3.Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito. Cando a comisión non teña por certos os feitos alegados polos interesados ou a natureza do procedemento o esixa, o instrutor acordará a apertura dun período de proba por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, co fin de que poidan practicarse cantas xulgue pertinentes. O instrutor do procedemento só poderá rexeitar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou



innecesarias, mediante resolución motivada. O instrutor comunicaralles aos interesados con antelación suficiente, o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas. Na notificación consignarase o lugar, data e hora en que se practicará a proba, coa advertencia de que o interesado pode nomear técnicos que o asistan.

4. Nos casos en que, por petición do interesado, deban efectuarse probas que impliquen gastos que non deba soportar a comisión, esta poderá esixir o seu anticipo, a reserva da liquidación definitiva, unha vez practicada a proba. A liquidación dos gastos practicarase unindo os comprobantes que acrediten a realidade e a súa contía.

5. O instrutor solicitará os informes que xulgue necesarios para resolver. Os informes serán evacuados no prazo de dez días. De non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, poderanse proseguir as actuacións.

6. Cando por razón da materia ou do obxecto do procedemento sexa necesario contar, para ter un axeitado xuízo de valor, con coñecementos profesionais ou técnicos específicos, o comité poderá solicitar informes externos. Para a emisión dos ditos informes solicitarase a colaboración dos colexios profesionais e federacións, que determinarán o perito que realice o informe.

## **Artigo 26. Trámite de audiencia**

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados o expediente sancionador e a documentación obrante no mesmo.



2. Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

3. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

### **Artigo 27. Proposta de resolución**

Finalizado o trámite de audiencia regulado no artigo anterior, o instructor formulará, no prazo máximo de dez días, a correspondente proposta de resolución, que deberá notificarse ao interesado indicando a posta de manifesto do procedemento e o prazo para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que considere pertinentes.

Transcorrido o prazo concedido neste trámite de audiencia, o instructor elevará o expediente á comisión, para que dite resolución na primeira reunión que se celebre.

### **Artigo 28. Dos órganos competentes para sancionar**

O órgano competente para a imposición de sancións polas infraccións cometidas en materia de violencia no deporte contempladas no presente decreto será a Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.

### **Artigo 29. Resolucións**

1. As resolucións da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte adoptaranse en sesión deste, logo da deliberación e votación, e levantarase a correspondente acta expresiva dos acordos adoptados.



2. As resolucións deberán ser motivadas, con expresión dos feitos e fundamentos legais que xustifiquen o acordo que se adopte, unha valoración, de selo caso das probas realizadas, as infraccións cometidas e a sanción imposta, así como os recursos que contra elas procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que deban presentar e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

3. No suposto de que un membro da Comisión queira incluír na resolución que se dite un voto particular deberá anunciálo no momento da votación en que resulte a adopción de acordo en sentido contrario ao do seu voto. Do exercicio deste dereito deixarase constancia na acta que se levante.

### ***Artigo 30. Publicidade das resolucións***

Con independencia da correspondente notificación persoal ou notificación pública, poderá acordarse a comunicación pública das resolucións, cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano que ditou a resolución. A comunicación pública deberá respectar o dereito á honra e á intimidade das persoas conforme a legalidade vixente.

### ***Artigo 31. Execución das resolucións***

As resolucións terán carácter executivo e serán executadas en primeira instancia a través da correspondente federación deportiva ou club, que será responsable do seu efectivo cumprimento.

### ***Artigo 32. Recursos***



As resolucións que dite a Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.

***Disposición adicional primeira. Do xénero***

Todas as mencións xenéricas en masculino ou feminino que aparecen no articulado desta norma deben entenderse referidas tamén ao seu correspondente feminino ou masculino

***Disposición adicional segunda. Axudas de custo dos vogais da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte***

Será de aplicación, para a determinación das axudas de custo que correspondan aos vogais da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de decembro de 1995 ou, se for o caso, o acordo ou norma que o substitúa.

***Disposición derogatoria primeira***

Queda derogado o Decreto 116/2004, de 27 de maio polo que se crea a Comisión Galega para a Prevención da Violencia no Deporte.

***Disposición derogatoria segunda. Cláusula derogatoria xeral***

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente decreto.

***Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa***



Facúltase a persoa titular do órgano competente en materia de Deporte da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto neste decreto

***Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor***

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

TRAMITE DE AUDIENCIA